



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

*CURSO 2019 / 2020*

**CENTRO: CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO - 32011901**

**ETAPA: PRIMARIA**

**CURSO: 4º**

**MATERIA: MATEMÁTICAS**

**DOCENTE: MIGUEL CABARCOS ROUCO**

*Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

**CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO**

Terra de Souto, s/n  
32310 Rubiá (Ourense)

ceip.virxedocamino@edu.xunta.gal

Tel. 988324205

<b>ÍNDICE</b>	<b>PÁXINA</b>
<b>1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPENTECIAS IMPRESCINDIBLES.</b>	3
<b>2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.</b>	4
<b>3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE</b>	4
<b>4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE</b>	5



## 1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
<b>B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.</b>	<b>MTB1.2.1. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación. Competencias clave: CMCT- CCL- CAA</b>
<b>B1.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas.</b>	<b>MTB1.4.1. Practica o método científico sendo ordenado, organizado e sistemático. Competencias clave: CMCT- CAA</b>
<b>B1.5. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.</b>	<b>MTB1.5.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas: esforzo e perseveranza. Competencias clave: CMCT -CSC -CSIEE</b>
<b>B2.3 Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as súas propiedades, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará, usando o máis adecuado.</b>	<b>MTB2.3.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador na resolución de problemas contextualizados. Competencias clave: CMCT -CAA</b>
<b>B2.4. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números.</b>	<b>MTB2.4.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división (de ata dúas cifras) con distintos tipos de números. Competencias clave: CMCT- CAA</b>
<b>B4.1. Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo.</b>	<b>MTB4.1.1. Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lade entre ángulos. Competencias clave: CMCT- CD - CAA</b>
<b>B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... comunicando a información.</b>	<b>MTB5.1.1. Identifica datos cualitativos e cuantitativos en situacións familiares. Competencias clave: CMCT - CAA</b>



## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

<b>AVALIACIÓN</b>	<i>Procedementos de avaliación: A avaliación que se vai desenvolver é fundamentalmente a través da análise do seu traballo diario, esforzo e as tarefas realizadas no seu caderno de clase; xa que as tarefas da aula virtual están a facelas en ditos cadernos.</i>
	<i>Instrumentos de avaliación: Mediante a observación diaria do seu traballo e o caderno de tarefas realizadas, para valorar a actividade que desenvolva nas propostas de traballo que se fagan na aula virtual.</i>
<b>CUALIFICACIÓN FINAL:</b>	<i>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: O procedemento para obter a cualificación final do curso será mediante a realización da media aritmética da 1ª e 2ª avaliación. Ademais, terase en conta de forma positiva o traballo e esforzo do alumnado na 3ª avaliación á hora de poñer a nota final.</i>

## 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>ACTIVIDADES</b>	Realizaranse actividades de repaso e reforzo dos temas xa estudados. Ademais, avanzaremos e ampliaremos materia do 3º trimestre, abordando unicamente os contidos máis básicos e importantes de dito trimestre.
<b>METODOLOXÍA</b> ( <i>alumnado con conectividade e alumnado sen conectividade</i> )	A metodoloxía que se vai empregar procurará unha aprendizaxe significativa, dándolle ao labor didáctico un enfoque globalizado, e na medida das posibilidades de cada alumno/a. Poñeremos especial atención nun trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno, atendendo aos seus ritmos de aprendizaxe e aos seus intereses persoais.
<b>MATERIAIS E RECURSOS</b>	Os materiais e recursos a utilizar: <ul style="list-style-type: none"><li>- Os libros de texto e os cadernos de cada materia.</li><li>- Video-tutoriais por parte do mestre coas correspondentes explicacións ou correccións.</li><li>- Fichas de repaso e reforzo entregadas aos nenos mediante fotocopias.</li></ul>



- Vídeos, arquivos , documentos adxuntos na aula virtual do centro.

## 4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

<b>INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS</b>	<i>Á hora de informar ao alumnado e ás familias utilizarei como recursos o EspazoAbalar, o Chat da Aula Virtual do centro, o correo gmail do centro e o teléfono móbil.</i>
<b>PUBLICIDADE</b>	<i>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</i> <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedocamino/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedocamino/</a>